

Martes, 16 de maio de 2017

Núm. 93

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RODEIRO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DO ALUMNADO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL

E D I C T O

Non sendo presentadas reclamacións contra o acordo de aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello de Rodeiro que cursa estudos fóra do termo municipal, efectuado por acordo do Pleno do Concello adoptado na sesión ordinaria celebrada o día 2 de marzo de 2017, dito acordo queda elevado a definitivo de conformidade co disposto no artigo 49 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

De conformidade co establecido no artigo 70.2 da devandita Lei, publícase como anexo o texto íntegro da mesma que entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 do citado texto legal.

Rodeiro, 5 de maio de 2017.—O alcalde, Luís López Diéguez.

A N E X O

ORDENANZA REGULADORA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA O TRANSPORTE DE ALUMNADO DO CONCELLO DE RODEIRO QUE CURSA ESTUDOS FÓRA DO TERMO MUNICIPAL

Primeiro.—Modifícase a Ordenanza reguladora para a concesión de axudas para o transporte do alumnado do Concello de Rodeiro que cursa estudos fóra do termo municipal, aprobada definitivamente na sesión do Pleno municipal de data 12 de decembro de 2015 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) núm. 244, do 18/12/15, no seguinte xeito: Suprímese integramente a limitación establecida no apartado 3 in fine da Ordenanza que literalmente dispoñía: “Cada unidade familiar só poderá presentar unha solicitude de axuda en cada convocatoria”.

Segundo.—A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

O alcalde, Luís López Diéguez.—O secretario, José María Novo Ramos.

